

serva os escudos dos Pardiñas, dos Vilardefrancos, dos Figueroa, dos Moscoso e dos Leis e a capela, transformada en vivenda. Unha mostra da arquitectura popular son os numerosos cruceiros que están espaxados polo concello, entre os que sobresaen o dos Romero, a carón do pazo de Canduas, peculiar polo seu capitel esférico; o do Sacramento, preto da igrexa de Santo Estevo de Cesullas; a cruz viradoira do Roncauíro ou do Corgo da Coxa, hoxe desaparecida, pero debuxada por Castelao para o seu libro *As cruces de pedra na Galiza*, polo que se fixo unha reprodución e a cruz de San Roque da Ermida en Anos, esculpida polas catro caras. Así mesmo, os grandes cabazos típicos da zona proliferan por todo o concello. Un exemplo é o da Palleira, na parroquia de Nantón, o máis grande da comarca de Bergantiños.


**Festas e tradicións.** No campo poboado de carballos e bidueiros que rodea a ermida de San Fins do Castro celébrase o 1 de agosto a romaría de máis sona do concello. Nas inmediacións do templo hai unha fonte, á que lle atribúen propiedades para facer desaparecer as verrugas. Antes de que saia o sol os romeiros lavan alí a cara e as mans e pasan un pano mollado polas verrugas. Logo escoitan misa e ó seu remate bótase o coñecido como *berro seco*. Tódolos asistentes, dende unha posición aniñada e a medida que se erguen, soltan un berro a coro cada vez con maior intensidade. Esta tradición, introducida polo crego Saturnino Cufiñas Lois nos anos 30, intenta representalo son que emitían os canteiros ó unísono cando levantaban os bloques de pedra. Outro atractivo desta romaría é o Santo da Pólvora, unha pequena falla na que se representa un destes tres oficios: un ferreiro, un afiadador ou un canteiro. Ó prenderlle lume comeza a virar cada vez con maior velocidade, ata rematar desfacéndose. Outra romaría é a de San Roque da Ermida en Anos, o 9 de agosto. Ademais das diferentes festas patronais de cada parroquia, Nantón e Canduas honran a Virxe do Carme os días 28 e 29 de agosto e a San Ramón, os días 1 e 2 de setembro; na parroquia de Borneiro celebran a romaría do Carme do Briño o 18 e 19 de xullo. Entre as conmemoracións de carácter leigo en Cabana de Bergantiños celebran o Día da Bicicleta o 19 de xullo e o Día do Deporte na Auga, o 26 do mesmo mes, na praia do Pendón, con xogos e paseos en lancha ou moto acuática. Por outra parte, organízase anualmente o Campus do Deporte do 1 ó 17 de xullo, no pavillón polideportivo municipal, con cursos de piragüismo, natación, patinaxe, fútbol e baloncesto. (Xosé María Fandiño Martínez et al.)

**CABANA MOURA.** Aldea da parroquia de Santo Ourente de Entíns (Santo Ourente), municipio de Outes (A Coruña), que dista 9 quilómetros da capital municipal e ten 49 habitantes.

**CABANA PALLAZA, A.** Aldea da parroquia de Montouto (Santa María), concello de Abadín (Lugo).

**CABANA VELLA, A.** Aldea da parroquia das Grañas do Sor (San Mamede), concello de Mañón (A Coruña), que dista 11 quilómetros da capital municipal.

• Aldea da parroquia de Ordes (Santa María), concello de Toques (A Coruña).



O escritor lugués Darío Xohán Cabana.

• Aldea da parroquia de San Pantaleón de Cabanas (San Pantaleón), concello de Ourense (Lugo), que dista 13 quilómetros da capital municipal.

**CABANA DA VELLA, A.** Aldea da parroquia de Vilamartín Pequeno (San Xoán Degolado), concello de Barreiros (Lugo), que dista 7 quilómetros da capital municipal e ten 20 habitantes.

**CABANA XARAZ.** Aldea da parroquia de Donís (San Fiz), concello de Cervantes (Lugo), que ten 14 habitantes e dista 16 quilómetros da capital municipal.

**CABANA YANES, Darío Xohán.** Escritor que naceu en Roás, concello de Cospeito (Lugo), o 19 de abril de 1952 e cursou o bacharelato en Lugo. Residiu logo algún tempo en Vigo e durante cinco anos (1970-75) traballou en Edicións Castrelos, editorial dirixida por Xosé María Álvarez Blázquez. Foi entón cando profundizou no coñecemento da literatura galega medieval e completou os coñecementos que adquirira con anterioridade sobre a literatura galega moderna, a carón de Manuel María e Méndez Ferrín. Na súa formación están presentes, ademais, os poetas europeos, principalmente os clásicos. Mesmo chegou a traducir ó galego *A divina comedia* (polo que gañou o Premio Otero Pedrayo en 1989 e a Medalla de Ouro do Concello de Florencia) e *Vida nova* (Premio Ramón Cabanillas) de Dante e o *Cancioneiro* de Petrarca. Recentemente

publicou unha versión de *Os tres mosqueiteiros* (2000), o primeiro libro que leu na infancia.

Volveu a Lugo en 1975 e dedicouse a vender libros a domicilio, ata que en 1982 comezou a traballar no sindicalismo nacionalista. Ó ano seguinte marchou para Corcubión e botou alí catro anos como garda municipal. Logo conseguiu unha praza

por oposición como funcionario no Concello de Lugo. Foi, así mesmo, corrector do semanario *A Nosa Terra* e colaborou nas publicacións *Teima*, *Faro de Vigo*, *Atlántico Diario*, *A Trabe de Ouro* e *La Voz de Galicia*.

Durante moitos anos dedicouse case exclusivamente á poesía, xénero no que obtivo máis de sesenta premios literarios, entre os que destacan dous Cidade de Ourense (1982 e 1986), dous Celso Emilio Ferreiro (1983 e 1986) e un Martín Codax (1994). É autor de, entre outros, os seguintes poemarios: *Verbas a un irmao* (1970), *Romanceiro da Terra Chá* (1973), *Mortos porque Galicia viva* (1974), *Ábrelle a porta ó día* (1981), *A fraga amurallada* (1983), *Cantigas de amor vilao* (1986), *Amor e tempo liso* (1988), *Patria do mar* (1989), *Cinco lendas* (1993) e *Canta de cerca a morte* (1994). Os seus traballos están relacionados coa poesía social dos anos 60 e a conciencia política da esquerda nacionalista galega, na que milita dende 1968. Por outra banda, a presenza dunha temática chairega e o gusto polos poetas desta comarca luguesa (Aquilino Iglesia Alvariño, Crecente Vega e Manuel María) achéganlle á súa produción de xuventude novas perspectivas para iniciar un camiño propio. É notable a variedade dos seus versos, tanto de temática coma de rexistros, dende o costumista ó épico. Cómpre sinalar tamén o coidado que lle presta ó valor estético da expresión, cun pro-

ceso meditado de elaboración da forma, en especial dos compoñentes lingüísticos e métricos. Un salto cualitativo importante na súa obra percíbese en *Ábrelle a porta ó día*, onde prevalece o amor como tema esencial. A partir de entón amosa de forma aberta o sentimento auténtico do poeta, buscado a través da elaboración léxica e sustentado nunha preferencia formal clásica: o soneto. Desto xorden *A fraga amurallada*; *Cantigas de amor vilao*, con procedementos da tradición literaria medieval; *Patria do mar*, no que mestura mitos e lendas para revestir de xeito irónico temas reais; e *Canta de cerca a morte*, no que lle dedica a primeira parte ó seu pai falecido, experiencia que ten continuación na segunda parte, na que reflexiona sobre o poder da morte, ante a que só cabe o consolo do amor, que ocupa a derradeira parte da obra.

Xa no ano 1973 publicou o relato *Noticias dunha aldea*, pero ata o 89 non reapareceu como narrador. Nese ano gañou o Premio Xerais de Novela con *Galván en Saor*. Nela retoma a materia da Breña cun Galván (sobriño do rei Artur) que, humanizado ó xeito cunqueiriano e asentado nunha pousada luguesa, fai saídas, como Alonso Quijano na Mancha, dende Saor (anagrama de Roás, vila natal do autor). Ó ano seguinte publicou *Fortunato de Trasmundi*, no que a imaxinación do autor, que mestura personaxes reais e ficticios, recrea historias da tradición popular en relatos curtos de humor e de feitura tamén cunqueirianos, a través dos que fai unha reflexión sobre Galicia e os galegos. Nese mesmo ano tirou do prelo *O libro dos moradores*, tamén de relatos curtos. En 1992 publicou outros dous libros en prosa: a novela *Cándido Branco e o cabaleiro negro* e o volume de biografías inventadas

*Vidas senlleiras*. Dous anos despois publicou *Cerco de ferro* e *O cervo na torre*. A súa última obra narrativa publicada é a novela histórica *Morte de rei* (1996). Así mesmo, no eido da literatura infantil e xuvenil ten editados os títulos: *As aventuras de Breogán Folgueira* (1990), *O avión de Cangas* (1992), *O milagre das estrelas* (1993), *As viaxes do príncipe azul* (1993), *O castrón de ouro* (1994), *Chucho Cacho* (1994) e *Inés e a cadela sabia* (2000). Dende entón, malia participar en recitais poéticos e noutras iniciativas literarias, non volveu publicar nada novo. En narrativa acadou dous premios Xerais e un Cidade de Lugo. (María do Carme Ríos Panisse et al.)

**CABANACOMBA.** Aldea da parroquia de Lagostelle (San Xoán), municipio de Guitiriz (Lugo), que dista 4 quilómetros da capital municipal e ten 4 habitantes.

**CABANAMILLE.** Aldea da parroquia de Belesar (San Martiño), concello de Vilalba (Lugo), que ten 32 habitantes e dista 6 quilómetros da capital municipal.

**CABANÁN DE ABAIXO.** Aldea da parroquia de Landoi (Santiago), concello de Cariño (A Coruña), que ten 19 habitantes.


**CABANÁN DE ARRIBA.** Aldea da parroquia de Landoi (Santiago), concello de Cariño (A Coruña), que ten 39 habitantes.

**CABANARRIL.** Aldea da parroquia de Pedrafiña (San Mamede), municipio de Guitiriz (Lugo), que dista 13 quilómetros da capital municipal e ten 7 habitantes.

**CABANAS.** Concello do nordeste da provincia da Coruña, que se atopa na beira dereita do último tramo do río Eume. Pertence á diocese de Santiago de Compostela e está adscrito ó partido xudicial de Ferrol. Enmarcado na comarca do Eume, limita ó norte co concello de Fene (comarca de

Ferrol), ó sur cos de Pontedeume e Monferró, ó leste co municipio da Capela e ó oeste de novo con Fene e co Atlántico, nun pequeno treito de costa da ría de Ares. A súa superficie é de 30,2 quilómetros cadrados e a súa densidade de poboación de 110,4 habitantes por quilómetro cadrado. Ten 3.334 habitantes distribuídos nas parroquias de Cabanas (Santo André), Irs (Santo Estevo), Laraxe (San Mamede), Regoela (San Vicente), San Martiño de Porto (San Martiño), Santa Cruz do Salto (Santa Cruz) e Soaserra (Santa Olaia). Estas sete parroquias agrupan un total de 70 entidades singulares. A poboación distribúese de xeito desigual, cunha maior concentración no litoral. A localidade de Cabanas, capital municipal, ten 851 habitantes, o 25,52% do total.

**Relevo.** A morfoloxía cabanesa caracterízase pola transición entre a franxa costeira e as superficies de achanzamento interior, situadas entre os 200 e os 400 me-



A poboación decreceu drasticamente nos 60-70.



Escudo do concello de Cabanas.



A nova casa do concello de Cabanas.